

RESOLUCIÓN do 16 de outubro de 2024, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se publica a relación das persoas convocadas para a realización da proba de coñecemento do idioma galego no procedemento para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional convocado mediante Resolución de 19 de marzo de 2024 e se fan públicos a data, a hora e o lugar da realización de dita proba

De conformidade co disposto no artigo 5.5 da Orde da entón denominada Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 30 de novembro de 2017, pola que se establece o procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, e no artigo 7 da convocatoria realizada por Resolución de 19 de marzo de 2024 procede convocar para a relación da proba de coñecemento do idioma galego a aquelas persoas que superaron a proba tipo test e que non acreditaron o coñecemento do idioma galego.

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar ás persoas que superaron a proba tipo test e que non acreditaron o coñecemento do idioma galego, que se relación no Anexo desta resolución, para a realización do proba de coñecemento de galego que terá lugar o vindeiro 18 de outubro de 2024, en chamamento único que iniciárase ás 10:00 horas, no Seminario B, nas instalacións da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), en Santiago de Compostela, sitas na Rúa Madrid 2-4, 1º andar (Fontiñas) 15781 – Santiago de Compostela.

Dita proba consistirá nunha tradución de dous textos, un en galego para traducir ao castelán e outro en castelán para traducir ao galego nun tempo de 60 minutos.

Este exercicio valorárase como apto ou non apto e para superalo será necesario obter o resultado de apto.

Dirección Xeral de Administración Local
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
Rúa Madrid 2-4, 2ª planta (Fontiñas)
15781 – Santiago de Compostela
T. 981 546 579
administracionlocal@xunta.gal
www.xunta.gal



Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Non se permitirá o acceso ao lugar en que se realice a proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

Será de aplicación o previsto no Protocolo polo que se establece a utilización das instalacións da EGAP, publicado na seguinte ligazón:

[https://egap.xunta.gal/Documentos/Estaticas/\[1608622678\]Protocolo_uso_instalacions_EGAP.pdf](https://egap.xunta.gal/Documentos/Estaticas/[1608622678]Protocolo_uso_instalacions_EGAP.pdf)

Segundo.- Poñer en coñecemento dos interesados que os anuncios, avisos e resolucións correspondentes a este proceso selectivo estarán dispoñibles no enderezo: <https://sede.xunta.gal>, no procedemento PR410A.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a directora xeral de Administración Local, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1 do mesmo texto legal.

A directora xeral de Administración Local
(*Documento asinado electronicamente*)

Natalia Prieto Viso



ANEXO

PERSOAS CONVOCADAS Á REALIZACIÓN DO PROBA DE GALEGO

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
BASANTA	SEIJAS	SUSANA	***4802**
DE LAS HERAS	APARICIO	ADRIANA	***5438**
MOSQUERA	DÍAZ	ENRIQUE	***5240**
VELASCO	LÓPEZ	PEDRO	***2172**

